

ACTA Nº 61
ASEMBLEA EXTRAORDINARIA

Acta da Asemblea Xeral Extraordinaria, celebrada o día 15 de decembro de 2019, ás 16:30 horas en Vigo, no Edificio das Federacións Deportivas, coa asistencia dos seguintes membros asembleístas:

Asistentes

D ^a Beatriz Estévez Álvarez	Club Atl. Guardés
D. Manuel Penelas	Club ADC. Descubriendo Lugo
D. Luis Martínez Mosquera	Club Arteixo Bm.
D. Manuel Castro Otero	Club Bueu Atl.
D. Rubén Fernández Reinaldo	Club Bm. Cañiza
D. José Barciela Cabaleiro	Club Sd. Carballal
D. Ángel Canedo Rey	Club Bm. Culleredo
D. M ^a José Rego	Club UB. Lavadores
D. Óscar Fernández Martínez	Club Bm. Luceros
D. Vítor M. Garrido Torres	Club Asmubal Meaño
D. Andrés Senra Pregal	Club Atl. Novás
D. Iago Garrido Vilar	Club ED. Poio
D. Abel Estévez Carrera	Club Bm. Porriño
D. Xosé Ricardo Vázquez García	Club Bm. Ribadosar
D. María Prelchi Gallego	Club Seis do Nadal
D. José C. Ameijeiras Fernández	Club S.D. Teucro
D. Pablo Agustín Rodríguez	Club Bm. Tui
D. Miguel A. Barbeira García	Club Bm. Xallas Fútbol
D. José A. Rodríguez Fraga	Club Ad. Xiria
D. Daniel Pereira Cadilla	Xogador
D. Constantino Vila Feijoo	Xogador
D ^a Lorena Pérez Alonso	Xogadora
D. Hugo Rodríguez Barreiro	Adestrador
D. Anxo Otero Sineiro	Adestrador
D ^a Verónica Posada Bouzón	Adestrador
D ^a Andrea Cabaleiro Veloso	Árbitro
D. José Pérez Rodríguez	Árbitro
D. Víctor Manuel Rivera Diz	Árbitro

Presiden a mesma o Presidente da Federación Galega de Balonmán D. Bruno López Molina, estando na mesa Fernando Mosquera Pérez e D. Ignacio Permuy Villanueva Vicepresidentes, D^a Patricia Sanmiguel García Directora Xeral García e D^a M^a Luisa Sueiro Cardoso Secretaria Xeral.

O Presidente saúda aos presentes e lles da as gracias pola súa asistencia. Informa de que o primeiro o que se vai a falar é do informe da auditoría, que non se puido enviar antes, xa que o informe da auditoría recibíuse na federación o xoves anterior. O Presidente di que espera que todos os asistentes se vaian sen dúbidas neste aspecto e que espera que fagan todas as preguntas que consideren necesarias.

O Presidente informa de que as contas do ano 2018 foron aprobadas na anterior asemblea e non fai falla aprobalas de novo, lle cede a palabra a Tesoureira da FGBm. Patricia San Miguel para que explique o informe.

A Tesoureira da FGBm. Patricia Sanmiguel informa de que neste ano 2019 haberá que facer algún axuste. O máis destacado da auditoría e a débeda coa RFEbM., xa que cando a nova directiva entrou a contabilidade non reflexaba unha débeda de 120.000 euros, xa que hai dous informes de auditoría do ano 2017 unha a auditoría interna na que a débeda é de tres mil euros e na auditoría externa da Secretaría Xeral para o Deporte é de setenta e pico mil euros. No momento no que a FGBm. Recibe a documentación ten que facelo constar na contabilidade, o por que a RFEbM. enviou respostas diferentes as auditorías é algo que non se está claro.

A Tesoureira informa de que isto implica que unha cantidade dos beneficios hai que reflexalo nas reservas, polo que coa débeda da RFEbM. implica que desaparecen as reservas, e nos anos anteriores en lugar de ter beneficios habería perdas e non agora todas as perdas que se acumulan no 18, e que parte son do resultado negativo do 2018, pero que tamén se acumula toda a débeda anterior.

A débeda do exercicio do ano 2018 2018 que aparece no informe da auditoría ascende a 140.000 €, a cal se debe a un presuposto deficitario debido aos eventos que houbo nese ano, tales como o CESA, TIE, Arena 1000, IV Nacións feminino, etc.

A Tesoureira di que a FGBm. Confía en que non haxa problemas de liquidez, xa que se están levando a cabo medidas para recuperar ao máximo posible a liquidez da Federación. Os pagos están ao día agás unha débeda do 2018 que se vai arrastrando que é coa RFEbM. e Viaxes Interrías.

Toma a palabra o Presidente da FGBm. di que o máis salientable do informe da auditoría é que os fondos propios están en negativo, ao redor de 197.000 € e informa de que aí non aparece o pago do seguro deportivo do 2018, xa que a auditoría periodifica o gasto do mesmo, polo que queda por pagar tamén 110.000 do seguro deportivo.

A Tesoureira Patricia Sanmiguel informe de que o que fai o auditor é periodificar o importe pola duración da póliza. No informe tamén aparece un saldo nunha entidade bancaria por importe de catro mil oitocentos euros, é unha conta do Banco Pastor, na que a día de hoxe non se puido ter acceso pola política da entidade bancaria, aínda que xa se presentaron todos os papeis necesarios.

O Presidente di que se falou moito da situación económica da Federación, e que en ningún momento intentouse alarmar sobre a mesma, se sabía que a situación era delicada, e con este informe a situación económica é moito máis clara. O que non se podía era parar o funcionamento da Federación. E o que se fixo foi dar prioridade ao máis necesario, polo cal non se celebrou o campionato de seleccións provinciais xa que non era unha prioridade a nivel deportivo, non se foi ao Campionato de Seleccións de Bm. Praia, non houbo ningunha actividade coa selección galega absoluta, empezouse máis tarde a preparación das seleccións galegas para o Campionato de España. Os seleccionadores non saben o que van a cobrar.

O Presidente di que o Torneo do Salnés montouse dun xeito diferente, e que a xente preguntou por que non viñan as seleccións holandesas, e a prioridade e que a seleccións que veñan paguen, este ano veñen as seleccións de Castilla e León e Asturias e pagan a súa estancia, cousa que noutros anos non era así. O torneo do Salnés ten un custo para a federación de 10.000 € que é o que costaría concentrar ás seleccións galegas en caso de que realizasen a preparación sen competir.

O Presidente di que se revisaron as débedas de clubs, administracións, etc., fíxose un cambio de páxina web que aínda que foi bastante complicado, a FGBm. gracias a un acordo coa RFEBM., o mantemento da páxina ten un custe 0. Estanse a revisar os fondos arbitrais tamén xa que algúns son deficitarios e noutros poderíase baixar os custes. De cara ao futuro hai que darlle unha volta xa que a base é barata e a 1 autonómica é moi cara. Polo que os árbitros soamente queren pitan a categoría autonómica.

O Presidente di que estase a estruturar as escolas da Deputación de Pontevedra, xa que a situación é preocupante, houbo unha auditoría das escolas do 2017, e hai que devolver 21.000 €, se todo vai como ten previsto, no 2018 pasará o mesmo. Polo que o tema é preocupante, xa que a Deputación recortará a partida destinada ás escolas no ano 2020 se non se dan datos fiables, xa que aínda que se fai o acto de clausura con dous mil nenos, o funcionamento das escolas non é bo. Nestes momentos a FGBm. Non quere facer ningún evento que non deixe un beneficio económico ou un impacto promocional.

O Presidente di que o mundial non chegou no momento que lle gustaría e que no mesmo todas as partes tiñan razón, tanto os clubs como a Federación,. Informa que hai tres baixas na Xunta Directiva, a vicepresidenta Alicia Montes, por motivos persoais que non lle permite compatibilizar coas esixencias que isto require. O Presidente de competicións Óscar Pérez e os motivos son moi similares, xa que desde os clubs hai unha visión da FGBm. que é moi diferente a que te encontras cando chegas, e que non é real, xa que no mundial había directivos conducindo, acreditando, ceando as dúas e media nun Macdonalds, etc . polo que a día de hoxe cando un está agobiado polo seu traballo pois ten que dar un paso ao lado como é o caso de Óscar. E outra baixa foi case o principio Félix Mojón que estaba de responsable en Ourense e é o mesmo caso, xa que ademais está ligando a un club e decidiu dar un paso a un lado.

O Presidente di que a intención da directiva da FGBm. é a nivel económico mellorar pero a nivel deportivo se traduza en melloras aos clubs, aínda que é consciente de que moitos pensan que o único que están é a complicarlles a vida. O Presidente di que no primeiro semestre do 2020 se fará a asemblea na que se presentarán as contas do 2019.

O Presidente informa como se plantexou o mundial, a Deputación de Pontevedra puña 800.000 cun convenio firmado coa RFEBM., no que a FGBm. non figura por ningún lado e hai que fiarse da palabra da RFEBM., que tiña intención de amortizar a débeda coa labora da FGBm no mundial. Houbo que traballar no mesmo pola imaxe do balonmán galego, pero en moitos momentos a idea de irse estivo presente. O que a FGBm. sacou do mundial asinouse 48 horas antes de comezar o mundial e foi un convenio no que se aseguraba un mínimo de 50.000€ de taquilla, se lle pediu liberdade para xestionar patrocinios, a época política era complicada, había un patrocinio de 70.000 € que non puido entrar, xa que o rexeitou a RFEBM, polo que o único que se puido xestionar foron 15.000 euros da Secretaría Xeral para o Deporte e 50.000 € da taquilla, do cal a RFEBM., no que descontaron diferentes custes de organización.. A RFEBM lle vai a facer a liquidación directamente aos clubs que

venderon entradas. Non se pode valorar como saíu o mundial a nivel económico xa que aínda non se presentaron as contas por parte da RFEBM.

A Tesoureira informa que o auditor di que non se presentou o liquidación do presuposto, xa que non considera que teñan que elaboralo, porque non están capacitados tal e como estaba a contabilidade, e aínda que non é nada malo si que é un requisito formal en todas as memorias.

O Presidente di que a viabilidade da FGBm. pasa porque a débeda se negocie a longo prazo, e estamos en trámites coa RFEBM e con Interrías, e xa se pagaron moitas cousas; agora a prioridade é mellorar o convenio coa Secretaría Xeral, patrocinios privados e públicos.. É certo que como se dixo na anterior asemblea a FGBm está en quebra técnica a nivel contable, pero desde a FGBm confían en que si é viable revertir a situación.

O representante do Club Sd. Teucro, pregunta como levan o orzamento deste ano.

O Presidente di que hai se axusta bastante ao que se plantexou, de feito, xerouse en canto a patrocinio algo máis do que nun primeiro momento se pensou, hai moito de entidades públicas. Na seguinte asemblea presentarase a liquidación do presuposte e verase que se axusta bastante ao que se presentou.

A Tesoureira informa de que este ano vaise a facturar todo, xa que aos clubs lles interesa para as subvención e que ademais é unha obriga.

ESTADO DE CONTAS 2018 PAGADAS NO 2019

A Tesoureira explica un pouco o estado de contas actuais, e informa das facturas que xa se pagaron do 2018, e das facturas que están pendentes de pago.

O Presidente informa de que a RFEBM a finais do 2018 compensou a débeda co importe que tiñan que ingresarlle a FGBm. do TIE e do Campionato de España de Seleccións Territoriais que se celebrou en Galicia no 2018.

O Presidente di que aínda que a xestión está saíndo ben, aínda queda débeda do 2018, sobre todo referente ao seguro.

O Presidente di que non había suficiente control nos pagos dos clubs. E que o que non se pode chegar e dicir o que non paga non compite, xa que soamente quedarían media ducia de clubs. E aínda que na asemblea sempre se di que hai que sacar a quen non paga, nesta situación hai que darlle flexibilidade aos clubs e aínda que todo mundo vai a ter que pagar, pero non se trata de afogar a ninguén. Todos os clubs queren estar en categoría nacional, pero hai que ter os pes no chan, xa que a veces non é posible.

O Presidente di que aínda que se intenta axudar a todos, os clubs tamén teñen que darse conta que a Federación ten uns gastos, e que si ninguén paga, a Federación tampouco pode facer fronte aos pagos. Entre os pagos que hai que facer fronte todos os meses un é o dos árbitros. Este ano case non quedan partidos sen designar, incluídas as categorías alevín e benxamín, non quedan case partidos sen designar, e co número de árbitros que hai nestes momentos o comité arbitral está a facer un moi bo traballo. Aproximadamente hai uns 70 árbitros e 36 mesas.

O Presidente pide que os clubs sexan un pouco comprensivos e que teñan un pouco de empatía coa FGBm. e cos clubs que se retrasan algo nos pagos.

A Tesoureira pide que por favor os clubs avisen se teñen algún problema para realizar os pagos, xa que ao final os clubs soamente contestan cando se lles envía un correo recordando que teñen que efectuar o pago.

O representante do Club Carballal di que iso é inxusto coa xente que está pagando e é vergonzoso que soamente haxa catro clubs que teñen todo pagado ao día e solicita como representante do seu club que se informe dos clubs que non pagan.

O Presidente di que para saber cales son as débedas dos clubs e para iso hai que facturalo todo. E si todos os clubs deciden que se publique a relación de débedas dos clubs pois se fará.

O representante do Club Carballal, di que hai moita xente que non pagou.

O Presidente di que non é certo, e que a xente que ten algunha débeda, ten un documento asinado cunha data límite de pago.

O representante do Club Reconquista di que debe deixarse claro quen non paga, ou polo menos a Federación debe deixar ben reflexado a data de pago.

O Presidente di que iso estase a facer, e isto non quere dicir que os clubs estean toda a tempada sen pagar, e os clubs que non poden pagar, chaman.

A Tesoureira di que moitos clubs teñen que esperar ao pago das subvencións e iso é o que se firma que ao recibo da mesma teñen que facer fronte ao pago, ou algún club que ten algún problema puntual.

O Presidente di que nos cambios que se están a levar a cabo a Federación están sendo flexible en cousas que supoñen un gran cambio, e o tema dos pagos, da tramitación das licenzas e demais non se viña facendo en tempo e forma. A Federación é a máis interesada en que todo estea ao día, pero non se pode chegar e desmontar todo.

O presidente di que se non hai ningunha dúbida do informe da autoría, pois pásase ao Orzamento para o 2020.

ORZAMENTO 2020

O Presidente informa de que o presuposto está feito en consenso coa Secretaría Xeral para o Deporte, aínda que evidentemente se o orzamento ao final non se pode levar ao cabo na súa totalidade, pois no mesmo recortáranse o custe en eventos de especial relevancia.

O representante do Club Teucro pregunta polos patrocinios e quere saber si están asinados.

O presidente di que a maioría se refiren a concellos e a secretaria xeral, por exemplo o Salnés que cos acordos de colaboración espera que o ano que ven teña un custe 0 para a Federación, aínda que iso non implica que as seleccións participantes non teñan que pagar. A idea é sacar rendemento nos eventos que se realicen.

O representante do Club Teucro pregunta si a maioría dos ingresos correspóndense ás administracións e aos convenios coa secretaria xeral e federación española, o Presidente di que si, ademais dos patrocínios privados de Hummel e Interrías, e a intención da federación e chegar a máis patrocínios privados.

O representante do club Teucro pregunta se a subvención da Xunta subiu, e que hai moita diferenza respecto as demais deputacións.

O Presidente di que é bastante enganoso, e que aínda que si hai máis diñeiro que outros anos, un dos motivos é que a Secretaría en anos anteriores asumía directamente o aloxamento e o transporte das seleccións infantís e cadete e agora o meten directamente no convenio.

O Presidente di que a Deputación de Pontevedra vai a sacar unha liña de subvencións orientada a eventos, e que no vindeiro ano vanse solicitar ás demais deputacións, xa que ata o de agora non se puido traballar ben por falta de tempo

O representante do club Culleredo pregunta eses 85.000 € a que escolas van a ir dirixidas.

O Presidente di que os 75.000 € son da Deputación de Pontevedra e se contempla que se poidan sacar uns 10.000 € en outras provincias, a prioridade agora mesmo é Lugo e Ourense na Coruña, estase a traballar a zona de Cariño, a Mariña Lucense e Ferrol.

O representante do Culleredo di que as escolas deben crear en sitios no que despois podan ter repercusión.

O Presidente di que hai que darlle forma ás escolas, xa que con 85.000 pódese ter a varias persoas contratadas e que traballen para os clubs a través dos colexios.

Nesta votación soamente había 26 representantes da Asemblea.

Votación aprobación Orzamento 2020

SI: 26 NON: 0 Abstención: 0

PROPOSTAS COMPETICIÓNS:

COPA E SUPERCOPA GALICIA SENIOR MASCULINA

O Presidente informa que na categoría 1ª Autonómica Masculina non se atopou ningún cambio que mellore notablemente a competición, a non ser as Copas Galicia.

A día de hoxe a Copa utilizábase a modo de pretempada, e os clubs de Asobal ou Prata Masculina estaban de acordo en ir a xogar a sitios onde no se practica moito o balonmán, pero é bastante complicado, ademais este ano elaborouse tarde o calendario.

O Presidente di que na vindeira tempada o seguro comezará a funcionar o 1º de agosto, e o que se quere facer e darlle interese á Copa. Este ano celebrouse en Lalín e tivo pouca asistencia de público.

Este ano á intención é que se xogue unha copa e unha supercopa. O Presidente explica o sistema de competición. Na supercopa participan o equipo de Asobal, dous de Prata Masculina e os catro primeiros de 1ª Nacional. Na Copa participan oito equipos de 1ª nacional e oito primeiro clasificados de 1ª Autonómica.

O Presidente di que os enfrontamentos, as datas e os custos aparecen na proposta e a intención é que as finais coincidan tanta da copa e supercopa masculina e feminina nun mesmo sitio. Pregunta se hai algunha dúbida respecto da proposta.

O representante do Club Culleredo di que dúbidas non, pero si que mira algunha cousa, xa que a eles lles toca xogar a mediados de agosto cun equipo de nacional e o máis lóxico é que queden eliminados, e iso quere dicir que van a estar sen xogar ata outubro que é cando comeza a liga.

O Presidente di que a idea é comezar a liga a mediados de setembro.

O representante do Club Culleredo di que entón a competición rematará moi cedo en marzo, xa que antes se xogaba a Copa Federación e despois as semifinais e finais.

O Presidente di que unha cousa é a Copa Galicia e outra a Copa Federación que se xogaba, a cal pode seguir xogándose. Xa que a idea é que se compita o máximo posible. E que os clubs son os que deciden se queren comezar primeiro coa Copa e despois coa Liga.

O representante do Club Culleredo di que el si que prefire iso.

O representante do Club Bueu pregunta si xa se pode asegurar a partires do 1º de agosto.

O Presidente di que si.

A representante do Club Seis do Nadal, pregunta se a póliza deste ano vaise a acortar un mes, ademais da subida que se aplicou.

O Presidente di que en quince días, pero que a subida ven dada pola sinistralidade, este ano estase a aplicar un filtro interno e estase a levar un control e hai cosas das que hai que falar. E a única solución que se encontrou para que ninguén xogue sen asegurar e adiantar a póliza un mes.

O representante do Club Poio di que é complicado ter fichados aos xogadores o día dez de agosto e ao mellor hai que presentarse a xogar cos xogadores de categoría xuvenil e ao mellor habería que ampliar as datas.

O Presidente di que estase a falar dos oito primeiros clasificados da máxima categoría autonómica, e os clubs teñen que ter certo compromiso deportivo, e hai un amplo abanico de datas e o que todos esperen por un equipo para xogar o seu primeiro partido.

O Presidente di que se alguén ve outras datas factibles, pois poden modificarse.

O representante do Club Ribadosar pregunta se habería posibilidade de que a federación fixera unha póliza temporal de dous meses.

O Presidente di que é mellor falar este tema ao final da asemblea para así votar as competicións.

O representante do Club Ribadosar, di que está de acordo.

A representante do Árbitros, Andrea Cabaleiro di que o acordado na asemblea se transcribirá no NOREBA, polo que pregunta se non sería convinte que na redacción da proposta para evitar erros, debería poñer “os oitos primeiros equipos clasificados”. Pregunta, xa que no custo da competición non aparece, se os anotadores están incluídos no concepto de arbitraje.

O Presidente lle di que si.

Votación aprobación COPA E SUPERCOPA GALICIA SENIOR MASCULINA

SI: 27 NON: 0 Abstención: 1

COPA E SUPERCOPA FEMENINA

O Presidente informa da proposta sénior feminina e di que ao igual que na sénior masculina, ao seu entendemento no fai falla unha modificación no sistema de competición, pero sucedo o mesmo que en masculino coa copa e supercopa, e hai que darlle cabida tamén aos equipos de sénior, de igual modo hai moita diferenza entre os equipos de prata e os de división de honra.

A proposta e que a supercopa sexa a partido único entre os equipos de División de honra. Despois os catro equipos de prata e os 4 primeiros clasificados de sénior feminina xoguen a copa. É moi similar á de sénior feminina

O representante dos adestradores, Anxo Otero, di que na reunión de competicións desta tempada comentou si sería posible engadir aos equipos de Prata Feminina, xa que a Liga remata o 5 de abril.

O Presidente di que é interesante e que se todos os clubs pódese valorar na reunión de competicións.

Votación aprobación COPA E SUPERCOPA GALICIA SENIOR FEMININA

SI: 28 NON: 0 Abstención: 0

COMPETICIÓN XUVENIL MASCULINA

O Presidente informa do acontecido nos Play Off desta tempada, xa que non estaba claro en que categoría sae nos play off, e o que se pretende e regular a competición, manter a competitividade. Nas División de Honra xuvenil Masculina e Feminina, teñen que ser categorías nas que ten que haber certo compromiso deportivo.

O Presidente di que desde a Federación opínase que os play off son a única forma de que as competicións sexan o máis homoxéneas posibles deportivamente. Pero hai demasiadas cuestións tales como que os cabezas de serie saian da clasificación da tempada anterior, que se clasifiquen directamente os seis primeiros clasificados da tempada anterior, etc., xa que non garantan que teñan o nivel para estar na categoría.

O Presidente di que a proposta que presenta a FGB para a vindeira tempada, non haxa dereitos deportivos dunha tempada a outra, o que gaña a liga vai directamente ao sector nacional, pero iso non implica que teñas acadada a túa participación na división de honra na seguinte tempada.

O Presidente di que houbo dúas propostas unha do Viveiro e outra do Ribadosar, que se fixeron chegar a FGB., e que se presentaron na Comisión delegada, pero non se aceptaron porque non viñan coa firma de ningún assembleístas, e que ademais ambas ían polo mesmo camiño que as da FGB.

O Presidente segue explicando a proposta e di que a competición comezaría cunha Copa Galicia que implica comezar no mes de agosto, e as datas están moi xustas, xa que as competicións nacionais marcan que o 28 de marzo ten que estar o campión de xuvenís o que implica que cadete e infantil ten que rematar ao mesmo tempo. A proposta é desligar a xuvenil da cadete e infantil, que non haxa dereitos deportivos e comezar cunha Copa Galicia que sexa obrigatoria para todos aqueles equipos que queiran xogar o play off. A copa Galicia se xogaríase con grupos de máximo catro participantes e tres xornadas máis a fase final. Nesta categoría, os cabezas de serie da Copa Galicia saen das clasificacións da tempada anterior. E os finalistas da Copa Galicia serán os cabezas de serio dos play off. Os play off non se xogarían por concentración, se xogarían en grupos de catro igual que na copa, facendo que non poidan coincidir os primeiros e segundos que coincidirán na Copa.

O Presidente informa que de ahí saírían os 10 equipos que conformarían a División de Honra, sería unha liga a dobre volta, o primeiro clasificado directamente iría ao Campionato de España, o segundo, terceiro e cuarto clasificado xogarían a final four e o gañador dunha eliminatoria entre o quinto e o primeiro de 2ª división, sería o seguinte que entra en división de honra. Esta eliminatoria créase para dar un aliciente nas dúas categorías. A Final four disputaríase nunha fin de semana todos contra todos, os equipos pasan con puntos dependendo da súa clasificación na liga.

O representante do Club Xiria di, que lamenta que as propostas se remitiran tan tarde, xa que non puideron revisalas en profundidade.

O Presidente di que a idea era envalas con máis antelación, pero houbo que esperar polo informe da auditoría.

O representante do club Xiria di que o entende pero que agradece que a próxima vez se envíen con máis antelación. E que entende que si debe manterse a clasificación dos seis primeiros clasificados.

O Presidente di que mantendo a clasificación o obxectivo do play off deixa de ter validez, xa que non se asegura que os mellores xoguen cos mellores, tal como pasou este ano tal como lle pasou ao Bm. Porriño en infantil.

O representante do Club Porriño di que si, xa que o seu equipo debería estar en 2ª división, e que está de acordo coa filosofía da proposta, e pregunta que si para xogar no play off hai que participar obrigatoriamente na copa Galicia, os equipos B cando comezarían a competición.

O Presidente di que poden comezar antes.

O representante do Club Porriño pregunta si se poden inscribir os dous equipos na copa e nos play off.

O Presidente di que non o habían plantexado pero non entende por que non.

Varios representantes di que non porque non poden participar na mesma categoría.

O representante do club Porriño di que non poderían xogar no mesmo equipo.

O Presidente di que o que non poderían e estar os dous en división de honra pero que non poida competir non ve o inconveniente,

O representante do Club Porriño di que nas categorías cadete e infantil o play off vaise a xogar nunha fin de semana, pero na xuvenil xógase en varias fin de semanas, polo cal nesas dúas categoría soamente deixan de competir unha fin de semana, pero en categoría xuvenil deixaría de competir varias semanas.

O Presidente di que non ve inconveniente en que participen na copa, e no play off, xa que a normativa o único que non permite e que os dous equipos competan en división de honra..

O representante do club Porriño di que así se eliminaría a trampa de subir aos xogadores do A ao B.

O representante do club Luceros di que si un club clasifica aos dous equipos terá que decidir a cal dos dous ascende, xa que esta competición está pensada para que participen os equipos máis competitivos.

O Presidente di que na Comisión Delegada non se deron conta diso.

O representante do club Bueu, di que si os dous equipos ascenden como lle explicas a un neno que se gañou o dereito a competir como lle explicas que non pode competir ou que non pode ascender.

O representante do club Porriño di que o Barça de prata masculina xoga todos os anos a fase de ascenso.

O presidente di que si que ten razón e que lle parece acertado que poidan participar, o tema é que si ascenden os dous equipos xuvenís, elixes o equipo que ascende e cal sería o equipo que entraría no seu lugar.

O representante do club Porriño, di que o que teña dereitos deportivos.

O Presidente pregunta se os dereitos deportivos do seu grupo ou xeral.

O representante do club Luceros di que inxusto sería non deixar a un equipo participar, xa que está xogando para ascender.

O presidente di que na proposta está definido quen se clasifica para a copa, quen ascendería e demais e despois está o criterio de desempate, tanto nun grupo de catro como nun grupo de tres, polo cal xa estaría o criterio definido para saber quen se clasificaría.

O representante do club Teucro pregunta se o criterio do mellor terceiro e para grupos de 4 ou si se mesturan os grupos de tres e de catro.

O Presidente di que si se mesturaron os grupos.

O representante do Club Teucro di que entón si se xoga un play off nun grupo de catro, e todos os equipos lle gañan por moitos goles, e no grupo de tres tamén hai un equipo ao que todos lle ganan ese resultado non se elimina e no grupo de catro si.

O Presidente di que o que se busca e que se midan os primeiros e segundos de cada grupo que están determinados en base a un criterio e que o terceiro se mida co primeiro e o segundo e compararse co resultado dun cuarto non ten sentido.

O representante do club Teucro di que non lle parece nada xusto.

O Presidente di que si ten algunha alternativa que pode propoñela.

O representante do Club Luceros di que o que se busca con este criterio e que non pase o que pasou nos play off anteriores, e o que se busca e que a copa Galicia sexa un filtro na creación dos grupos, xa que ao non coincidir nos play off os primeiros e segundos de grupo xa non van a estar xuntos, e que moito máis xusto do que hai actualmente si.

O representante do club Teucro di que entón tamén hai que garantir que si non caen o primeiro e segundo de grupo de copa Galicia, tamén hai que garantir que non vaian a caer o equipo A e B dun mesmo club.

O Presidente di que si, que tampouco poden coincidir os equipos A e B dun mesmo club no mesmo grupo.

O representante do club Teucro di que nun grupo de catro gañas dous partidos e pasa por diante o do grupo de 3 que soamente gañara un partido e empatara outro, e iso é un problema se estás nesa situación, e pide que por favor os horarios sexan todos á vez.

O Presidente pregunta que horario queren establecer na última xornada nos play off de categoría xuvenil, e pregunta que si non hai nada en xogo se pode xogar noutra hora.

O representante do club Teucro di que si que hai moito en xogo.

O representante do Club Culleredo di que no de rebaixar a División de Honra a dez equipos, di que o argumento é o das datas e di que non dan porque o play off na categoría xuvenil se xoga en tres xornadas e no nun fin de semana como en cadete e infantil.

O Presidente di que aínda que se xogara nunha fin de semana non darían as datas, xa que para unha liga de 10 serían necesarias 18 datas e para unha liga de 12, necesítanse 22 datas, son catro datas máis.

O representante do club Culleredo di que lle parecen poucos dez equipos, xa que nesta tempada hai 31 equipos xuvenís e que soamente queden dez en división de honra lle parecen poucos.

O representante do club Teucro pregunta como chegarán os equipos a un sector nacional.

O Presidente di que o sistema de competición que se plantexa é o máis parecido que un equipo vai a xogar nun sector nacional, e unha das cousas que se plantexou na comisión delegada foi porque non se podería deixar participar ao primeiro clasificado, pero se chegou a conclusión que se adulteraría a competición.

O representante do club Xiria di que esa era unha das dúbidas que se lle plantexan é o número de partidos que se van a disputar con este novo modelo de competición, se e maior.

O Presidente di que ao final xogáranse 18 partidos na división de honra, 3 xornadas nos play off e catro se te clasificas na fase final na copa Galicia.

O representante do Club Xiria, pregunta si soamente sería unha xornada menos.

O Presidente di que en liga serían catro xornadas menos, di que o que limita e a data na que teñen que rematar as competición, e si hai equipos o atractivo e menos, unhas melloras van en detrimento das outras.

O representante do club Xiria, di que antes de romper totalmente co pasado, igual habería que garantir algunha praza do ano anterior.

O Presidente di que iso rompería o criterio polo que se plantexan os play off actuais, que é que os mellores xoguen cos mellores e garantir un posto é un premio.

O representante do club Bueu, di que ao mellor este ano tes uns xogadores e a tempada que ven os que suben de categoría, non teñen o mesmo nivel.

O Presidente di que plantexar o horario da última xornada nos play off na categoría xuvenil, ao ser polo sistema de liga, soamente pode establecerse un horario, 10:00 ou 12:00 hs.

O representante do Club Teucro, di que por exemplo si pasan os dous mellores segundos non se podería reservar unha praza para o mellor segundo do grupo de catro e unha para o mellor segundo do grupo de tres.

O Presidente di que o máis xusto é que si estás nun grupo de tres e outro nun grupo de catro, que ambos midan como lles foi co primeiro e co segundo.

Andrea Cabaleiro di que a proposte é moi interesante, pero di que as datas están moi xustas xa que os árbitros van a saír de pitar balonmán praia e comezará coa pista, así que ao final non terán descanso e a temporada vaise a facer moi longa. E non habería tempo nin para facer o stage arbitral autonómico e nesa data non se fixo o stage nacional, que é onde se explican os cambios de regulamento, etc.

O Presidente di que igual non son os mesmos os árbitros que piten a praia e a pista. Pero que a pretempada dos árbitros vai a ser igual que aos dos clubs, e di que a FGB comentou que non é lóxico que a federación española non avise cando fai o stage, non hai ningún tipo de conexión co que se fai en Galicia, e esta nova competición tamén é unha pretempada para os árbitros.

Andrea Cabaleiro di que está de acordo, simplemente que ve as datas moi axustadas no remate de tempada e no comezo da seguinte.

O Presidente di que si hai máis consultas, que quedou por puntualizar o de xogar a última xornada o mesmo día a mesma hora, que poidan xogar o equipo A e B dun mesmo club.

O representante dos árbitros, Víctor Rivera quere facer unha puntualización, pregunta se ao equipo B, se lle di así por que é o que vai para segunda. Se o equipo B queda campión de segunda.

O Presidente di que iso xa estaba establecido nas bases desta tempada, podería xogar, ir a un sector nacional sempre e cando non estea o seu equipo A, se o A é o primeiro clasificado en división de honra, directamente vai a o sector nacional e o B podería xogar o final four e si gaña ir ao sector.

O Presidente di que si non hai ningunha dúbida máis, procédese a votar a proposta tal e como se presenta.

Votación aprobación PROPOSTA COMPETICIÓN XUVENIL MASCULINA

SI: 25 NON: 0 Abstención: 3

COMPETICIÓN CADETE E INFANTIL MASCULINA

O Presidente informa da proposta das categorías cadete e infantil masculina, di que estas categorías si irán xuntas, o que pasa é que hai que pensar que os play off non os ten que xogar todo o mundo, outro tema é que se lle poida dar competición en setembro aos equipos que non queiran xogala.

Esta ano houbo caso de equipos que xogaron o play off pero non querían ascender e iso non ten sentido.

A proposta é moi parecida á da categoría xuvenil, a diferenza é que os play off se xogan por concentración, xa que as datas non dan, e a División de honra segue con doce equipos. A Copa Galicia é igual pero se comezaría a xogar o 6 de setembro pero habería un abanico para xogar os partidos.

Na celebración dos play off hai unha posibilidade, xa que a FGBm. intentará buscar unha sede na que a pensión completa como máximo sexan 50 € fin de semana de venres a domingo, e se non é posible, o sistema sería como ata o de agora, dándolle prioridade aos cabezas de serie, aínda que un pode ser cabeza de serie e non organizador, isto pode implicar que un mesmo club organice dous sectores. O sistema de competición é igual que na xuvenil, e a División de Honra é de doce equipos.

O representante do club Porriño, pregunta por que non se pode separar o play off cadete e infantil.

O Presidente di que si é así, os equipos de 2ª división empezarán moi tarde e as competición de división de honra tamén comezarían moi tarde e non darían as datas.

O representante do Club Porriño di que podería comezar unha semana antes o cadete ou facer unha dobre xornada, xa que hai moitos nenos que compaxinan as dúas categorías.

A representante do club Seis do Nadal, di que a Copa non pode comezar antes do 6 de setembro, xa que hai nenos que teñen exames en setembro e si comeza antes é imposible ter xogadores.

O Presidente di que o inconveniente é que irían separadas as copas de infantil e cadete e a Fase final deberían ir xuntas aínda que se poden separar, pero a idea era que se xoguen todas no mesmo sitio.

O representante do club Porriño, di que en infantil e cadete non vai a haber o mesmo número de equipos e nesta copa non van a ir ligados os equipos de ambas categorías.

O Presidente pregunta aos assembleístas si queren que se deixe aberto para que si existe a posibilidade se poidan xogar os play off en dúas datas diferentes, sendo o 2º o play off infantil.

O Presidente di que as 2ª categorías si se modifica comezarán a finais de outubro.

O representante do club Bueu pregunta por que se manteñen os dereitos deportivos na categoría cadete e infantil.

O Presidente di que soamente se manteñen para a Copa Galicia, xa que hai que buscar un criterio para determinar os cabezas de serie, pero ninguén nos play off ninguén ten dereitos deportivos de cara a vindeira tempada.

O representante do club Culleredo pregunta por que si un club renuncia a participar nun sector, por que pode organizalo un equipo se non participa nese grupo.

O Presidente di que deportivos ningún, pero si ten o dereito a organizalo, pois pode facelo. O Presidente pregunta si o que di é que o teña que organizar un club que participe nese grupo, e si hai máis de un que queira organizalo.

O representante do club Culleredo di que si, que si quere que teña preferencia e se decide pola clasificación.

O Presidente di que a clasificación pode ser que os dous quedaran segundo clasificado de dous grupos distintos na copa Galicia.

O representante do club Luceros di que é lóxico que a organización sexa dun dos clubs dese grupo, xa que agora hai un criterio.

O Presidente di que hai moi pouco tempo para a organización dos play off

O representante do club Luceros di que haberá que facer como a española, solicitar unha previa por si se clasifican, e solicitalo antes de saber si se está clasificado.

O presidente di que o que se vai e a por unha sanción se un club o solicita, se clasifica e despois renuncia a organizalo.

O representante do club Culleredo, di que ten que haber unha semana de marxe para poder organizalo se alguén renuncia.

O representante do club Bueu di que hai que sabelo con marxe é que se pode ter un partido un venres ou un sábado e iso condiciona a reserva, por iso ao que se lle concede ten que dar os horarios con tempo.

O Presidente di que terán dúas semanas de marxe, xa que no momento que se saben os participantes da Copa Galicia hai 15 días para organizalo todo.

A representante do club Seis do Nadal di que o problema é que xa se está en xornada lectiva e si se poñen os horarios as 16:00 horas é imposible ir a xogar, xa que polos desprazamentos aos rapaces non lles da tempo.

O Presidente di que se poden deixar establecidos os horarios, e que os equipos que estean máis lonxe teñen que xogar na segunda franxa.

A representante do club Seis do Nadal di que a veces non son os quilómetros, xa que as veces as carreteras non son todas iguais.

O representante do Club Cañiza di que pódese establecer 19:00 e 21:00 hs.

O Presidente di que nestas categorías pódese establecer 19:30 e 21:00 hs.

O representante do club Luceros di que algo positivo que no había ata o de agora é que os gastos están detallados e que no que se debe ser drástico e nas sancións algo que ata o de agora non se cumpría. O que hai que ser é drástico, por iso un club que haxa solicitado play off e non o organice terá que facerse cargo dos costes establecidos máis os costes a maiores que teñan que pagar os clubs nas súas reservas, previa xustificación. O que non debe volver a pasar é o caos que se montou pola renuncia do club Octavio, o que hai que ser é menos flexible.

O Presidente di que xa se meteron unha serie de cambios e que hai moita xente de club que puxo moitos cartos.

O representante do club Ribadosar pregunta cal é o motivo para dobrar xornada na Copa Galicia, é que os infantís poidan xogar cos cadetes. Di que si ese é o motivo non lle parece lóxico, xa que si non tes xogadores suficientes para estar nas dúas categorías o mellor é que non tes que estar na División de Honra.

O representante do club Porriño di que si en toda a tempada é compatible por que non pode selo tamén na copa e no play off, e coma na selección galega, lle interesa que un infantil de 2ª ano compita en cadete.

O representante do club Ribadosar di que aquí estase a clasificar para xogar nunha categoría e o que ten que facer e xogar na súa categoría, e ademais o que se lle mete é unha sobrecarga aos xogadores innecesaria.

O Presidente di que a modificación das datas a federación si lle afecta, xa que este ano comezouse tarde coa programación de seleccións, pero este ano xa está feita a programación. E os clubs teñen ver o número de partidos que xoga un xogador nunha fin de semana. Por iso di que os clubs deberían respectar a xornada que está sen competición sobre todo na categoría xuvenil.

O representante do club Porriño, di que se pode facer cadete masculino e feminino nun sitio e infantil masculino e feminino noutro.

O representante do club Cañiza di que si se poñen os sectores cadete e infantil no mesmo día hai clubs que non chegan.

O representante do club Xiria pregunta cal é o dano si van separados.

O Presidente di o que comporta separalas. E separar copa Galicia infantil e cadete, e cando se estean a xogar os play off cadete estarase a xogar copa Galicia infantil e cando se xogue play off infantil cadete non se xoga nada.

A representante do club Guardés di que non entende o problema xa que si na copa Galicia pode retrasarse a data dos partidos, xa case se está a dobrar a xornada.

O Presidente di que se modificarían as datas e a Copa Galicia en cadete xogaríase o 6, 10, 13 e 20 a fase final e os play off comezarían o 27 de setembro.

A categoría infantil non se modificaría.

O representante do club Ribadosar pregunta si o que se quere é separar o play off das categorías cadete e infantil.

O Presidente lle di que si.

O representante do club Porriño, di que este ano van a participar todos os equipos na copa e non play off, xa que non hai dereitos deportivos da tempada anterior.

O Presidente di que o que pasa é que cada un lle da prioridade a súa casuística e debe pensarse no conxunto,

O representante do club Porriño, di que non, que el non sabe se a día de hoxe o seu equipo infantil vai a xogar o play off, o que él di é que o ano pasado os equipos clasificados non tiña que xogar o play off e este ano o teñen que xogar todos en todas as categorías, por iso non se daba esa casuística

O representante do club Cañiza, di que en moitos casos hai catro ou cinco nenos que están dobrando categoría en case todos os clubs.

O Presidente di que outro tema e que un club para lograr o ascendo dependan de eses nenos.

O representante do club Cañiza di que moitas veces depéndese deses nenos para completar o número de licenzas.

A representante do club Seis do Nadal di que si o problema e polo número de licenzas o mellor o que se pode facer é baixar o número de licenzas necesario.

O Presidente di que non se pode baixar máis do que se baixou na última asemblea.

O representante do club Luceros, di que antes do play off vaise a xogar é unha copa Galicia ou unha fase previa por iso non entende que un equipo non teña as licenzas suficientes para xogar o play off, o mellor o que non teña o mínimo de licenzas non pode saír a competir.

O Presidente pregunta como facían estes anos pasados.

O representante do club Cañiza, di que él non xogou os play off. Pero di que os sectores xuvenil e cadete non se facían coincidir para que os clubs puideran levar xogadores das dúas categorías e non entende por que agora non.

O Presidente di que un dos motivos e polo tema arbitral, xa que hai moitos árbitros novos

O representante do Club Cañiza pregunta por que non se fan coincidir os sectores xuvenil e cadete. Di que o motivo é para que os xogadores poidan dobrar.

O Presidente di que non se fan coincidir para que ambos teñan a maior visibilidade posible.

O representante do club Cañiza di que o ano pasado houbo un problema por que houbo que facer un sector xuvenil feminino, e tiñan que coincidir o cadete e xuvenil e non podían coincidir este ano polo mundial.

O Presidente di que foi fai dous anos é que el non estaba.

O representante do club Porriño pregunta por que se manteñen os doce equipos en cadete e infantil e en xuvenil non, xa que habería menos datas e se podería cambiar as datas.

O Presidente di que tamén se plantexou en Comisión Delegada e se dixo que era moi arriscado sobre todo en infantil, xa que é unha categoría moi cambiante. O que a FGBm. di que o que se pretende con esta competición é darlle maior visibilidade ao balonmán e ao final o que se está a falar nesta asemblea é montalo cada un ao seu modo.

O Presidente pregunta cantos están de acordo en xogar a dobre xornada. Soamente levanta a man o representante do club Porriño, polo que di que non hai razón para tocar nada na proposta. Polo que se vai a votar a competición Cadete e Infantil Masculino tal e como está na proposta presentada.

O representante do Club Culleredo abandona a reunión antes da votación.

As modificacións que hai que reflexar son:

- Que se xogue a última xornada da copa Galicia o domingo as 12:00 horas.
- Que o Equipo A e B dun mesmo club poidan xogar copa e play off.
- Que se un cabeza de serie renuncia se lle ofrecerá aos equipos que participan nese grupo.
- Reflexar a sanción, se un club renuncia a organización dun play off despois de solicitalo.

Votación aprobación *COMPETICIÓN CADETE E INFANTIL MASCULINO*

SI: 24 NON: 0 Abstención: 3

CADETE E INFANTIL FEMININO

O Presidente di que nas categorías cadete e infantil feminino son iguais que as masculinas, se non hai ningunha pregunta, as mesmas someteranse a votación.

O representante do club Ribadosar pregunta se o número mínimo de xogadores en infantil feminino é dez ou oito.

O Presidente di que é o número que se aprobou na anterior asemblea, é ao final non está dando os resultados que se pretendían, xa que ao final o que se está a facer é levar menos xogadores do mínimo esixido, polo que ao final o que se está a facer é desvalorizar o número de licenzas.

Votación aprobación *COMPETICIÓN CADETE E INFANTIL FEMININO*

SI: 25 NON: 0 Abstención: 2

ROGOS E PREGUNTAS

Antes de comezar cos rogos e preguntas o Presidente di que na categoría xuvenil feminina, non se presentou ningunha proposta, xa que non había nada que mellorara a que hai.

O representante do Club Porriño di que non está de acordo de que o sorteo non fora xusto, xa que a competición si está equilibrada, e di que o sistema de competición da tempada 17/18 era mellor que o da tempada actual.

O Presidente lle pregunta por que non presentou ningunha proposta.

O Presidente do club Porriño di que non presentou ningunha, porque se quedou que se ía falar na asemblea e que se presentaría máis adiante.

O Presidente di que o que se tivo que ter en conta a clasificación da tempada pasada.

O representante do club Porriño di que xogou máis partidos contra equipos fortes e a liga estaba a dar bos resultados, con equipos clasificados para os sectores, etc. E a clasificación deste ano é totalmente absurda.

O Presidente di que o mellor sería que ao saber o número de inscritos na categoría debería decidirse o sistema de competición, xa que a día de hoxe é complicado porque nunca se sabe o número de equipos que van a participar.

O representante do club Porriño di que por histórico os oito mellores de tempadas anteriores comezan en división de honra.

O Presidente di que lle parece ben, pero igual hai outra maneira de mellorar.

O representante do Club Porriño di que hai que dividila en división de honra e 2ª división, e actualmente hai moita diferenza nos dous grupos entre os catro primeiros e os seguintes. Di que o que pide é que haxa dous niveis.

O Presidente di que se pode facer en número de equipos que se clasifiquen, xa que neste momento é un fallo facer unha previsión.

O representante do club Cañiza di que o que se pode facer é unha reunión en agosto para decidir o modelo de competición dependendo do número de equipos inscritos.

O Presidente di que nas categorías alevín e benxamín non se pode avaliar, xa que en minibalonmán na zona centro non sae, no Salnés, Lalín e Ourense si. O que pasa é que ninguén se quere mover, e si en Ourense, A Cañiza, etc. hai que sacar balonmán, hai que facer promoción. Os pais son os que plantexan os problemas para o desprazamento dos nenos e nenas.

Este ano cando se vexan as fase finais de alevín e benxamín se verán os beneficios da competición. Falta por concretar os prebenxamíns que non se puido enviar esta semana porque houbo un cambio nos equipos e quedaron cosas sen concretar

O representante do club Porriño di que aínda hai equipos que non teñen metido o cor das equipaxes no misquad e iso crea confusión.

O Presidente di que o cambio da plataforma foi moi traumático, pero era moi necesario para poder ter unha base de datos limpa, e sabemos que está dando algún problema. Sabe que a afiliación en moitos casos é un problema porque hai moita xente que non ten enderezo electrónico, e son os mesmos clubs os que teñen que afiliarse aos xogadores, a día de hoxe non aparece o mínimo de xogadores necesario xa que a veces o cupo adicional non aparece, ao igual que o tema das equipaxes.

O Presidente di que unha das decisións máis polémicas foi un venres no que se acordou suspender unha serie de partidos de categoría infantil porque non tiñan o mínimo de xogadores. Como

federación tomouse a decisión de suspender eses partidos e o Comité de Competición tomou a decisión de aplicar a norma ao 100%, e houbo clubs como Bm. Cañiza, que protestou a decisión, xa que lle parecía inxusto non poder xogar o partido e había clubs que había enviado un correo dicindo que si se programa o partido noutro día estaba premiando ao que incumplía a norma.

O Presidente di que este ano a Xunta cambiou o sistema de afiliación no seguro deportivo, agora é a federación o que ten que asegurar no xogade aos deportistas e iso require tempo, por iso é imposible que si todo o mundo tramita as licenzas o venres poida comezar a competición o sábado. Di que o mesmo pasou cos vídeos dos partidos xa que había clubs que protestaron porque eles habían subido os vídeos e moitos clubs non e que había que aplicar o regulamento desde o primeiro día. Pouco a pouco os clubs están a subir os vídeos dos partidos, e posiblemente o comité de competición olvidouse de poñer algunha sanción polo tema dos vídeos, pero é que o principio de tempada foi moito complicado.

O Presidente di que é certo que é importante, pero que este ano todo estase a facer por escrito, porque había moitas cousas que se facían porque se viñan facendo así pero non estaban escritas en ningún lado, por iso quitáronse tantas circulares para que todo o mundo saiba o que ten que facer.

E por máis que se envían as circulares case ninguén as lee. Por exemplo, hoxe a federación enterouse que hai un torneo que patrocina o Concello de Vigo e non se sabía nin enviaron nada á Federación, ao igual que os partidos amigables, o que non se pode e cobrar entrada e que os árbitros vaian gratis.

O Presidente recorda que a federación fixo unha póliza de 3.000 euros para o seguro dos menores de 6 anos, e case ninguén asegurou aos xogadores, soamente dous clubs, por iso pide que non se teñan aos nenos sen seguro.

Un representante di que pide que se sexa flexible coa gravación dos vídeos, xa que a veces custa moito conseguir a alguén que che grave os partidos con calidade.

O Presidente di que a proposta dos vídeos discutiuse durante 50 minutos na anterior asemblea a Federación tiña moito interese en que saíra adiante, e pode entender que as veces sexan complicado ter xente para todas as funcións, a intención e que pouco a pouco se vaia mellorando, e o que non se pode é que sempre sexan os mesmos clubs os que non suban os vídeos. O tema e que hai que reflexionar por ambos lados e sabemos que é complicado.

O representante do club Luceros di que é unha falta de respecto os vídeos que suben algúns clubs e que as normas está para cumplilas. Di que tamén nunha asemblea con poucos representantes aprobáronse unhas competicións que non eran viables. O problema as veces está en ser flexible.

O representante do club Porriño, di que moitos dos partidos que se suben non teñen calidade e si se queren analizar os partidos é imposible.

O presidente sabe que o comité de competición ten fallos, pero estamos a ser flexibles porque houbo uns cambios moi bruscos e o interese da Federación é que se graven os partidos.

O representante do club Tui, di que habería que sancionar con puntos ademais da sanción económica.

O Presidente di que iso non pode ser.

O representante do club Luceros di que os partidos os grava un xogador benxamín de segundo ano.

O Vicepresidente Fernando Mosquera di que está a facer o seguimento dos sinistros e pide colaboración dos clubs, xa que a partir da autorización que da para a asistencia do lesionado, el non

sabe nada máis nin cando lle dan a alta, xa que as veces os xogadores xogan sen ter a alta e iso non se pode facer. E son os clubs os que teñen que poñerse en contacto non os pais.

O Presidente di que este ano o seguro está funcionando mellor que o ano pasado. Pero hai algún caso de pais que pensan que as cousas se arranxan ao momento é non é así.

O representante do club Luceros pregunta si o prezo da ambulancia para os tres días é correcto.

Fernando Mosquera aconsella que os certificados médicos sexan individuais.

O Presidente di que é válido un listado de nome e DNI, sempre que veña firmado e cuñado polo médico.

O representante do Club Porriño pide que os árbitros suban o acta o antes posible xa que a compañía solicita o acta do partido.

O Presidente di que non é obrigatorio a presentación da acta, xa que si se lesiona nun adestramento como se fai.

O representante do club Xiria, que seguramente sexan un problema no protocolo que ven de atrás e non o actualizaron.

Fernando Mosquera pide que ademais do parte de accidente que envíen tamén o informe de urxencias e que por favor non vaian ao Sergas, xa que o seguro non se fai cargo a non ser que sexa grave.

O representante do Club Ribadosar e o do Club Bueu di que enviar o informe médico pola lei de protección de datos o club non pode facelo, xa que aos directivos do club os pais lle firman unha autorización para que si o xogador se lesiona poder levalo ao médico, pero non para enviar os datos á federación.

O Presidente di que o único que a federación ten que ter e a data de baixa e a data de alta.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a Asemblea, sendo as 20:00 horas do mesmo día, dando grazas o Presidente a todos os asistentes.

O Presidente

Bruno López Molina
(Asinado no orixinal)



A Secretaria Xeral,

M^a Luisa Sueiro Cardoso
(Asinado no orixinal)